



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 364/2020

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Dona Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

DECRETO RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO DUN ENCARGADO/A DE OBRAS COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA . Expte. 364/2020

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Decreto da alcaldía de data 28/07/2023 polo que se aproban as bases da convocatoria para a selección de un encargado de obras funcionario/a de carreira mediante concurso-oposición libre (OEP 2020)
- No BOP da provincia de Lugo de data 12/08/2023 foron publicadas integramente as bases da convocatoria e posterior corrección de erro publicada no BOP de Lugo de data 24/11/2023. Os anuncios da convocatoria publicáronse no DOG nº 205 de 27 de outubro de 2023 e no BOE nº 273 de 15 de novembro de 2023.
- Decreto da alcaldía de data 28/01/2024 polo que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.
- Decreto da alcaldía de data 29/10/2024 aprobando as listas definitivas de admitidos e excluídos e nomease ao tribunal e seleccionador publicado no BOP de Lugo de data 4 /11/2024.
- Actas do tribunal de datas 11 de novembro de 2024, 10 de decembro de 2024, 7 e 16 de xaneiro de 2025, esta ultima coa proposta definitiva do tribunal a Sra. Alcaldesa para que proceda a resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento como persoal funcionario de carreira a:

Nome e apelidos	DNI
Ruben Freire del Valle	**5536**-B





Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de un Encargado de Obras e Servizos como funcionario/a de carreira mediante concurso-oposición libre convocado por decreto da alcaldía de data 28/07/2023 de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 16/01/2025:

Nome e apelidos	DNI
Ruben Freire del Valle	**5536**-B

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de cinco días contados dende o día seguinte a aquel no que se resolva o procedemento por resolución da Alcaldía para que o aspirante seleccionado presente na secretaría do Concello de Guitiriz os documentos esixidos na base novena da convocatoria, agás os que xa obren no expediente.

Se dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser nomeado, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

Presentada a documentación procederase a ditar resolución da alcaldía co nomeamento do encargado de obras, previo informe de fiscalización da intervención.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, e publicala no taboleiro de anuncios, na paxina web municipal e na sede electrónica.





A Alcaldesa

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

En Guitiriz, na data da firma indicada na marxe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

